



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Matemáticas 2	Código	730G05005	
Titulación	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Matemáticas			
Coordinación	Brozos Vázquez, Miguel	Correo electrónico	miguel.brozos.vazquez@udc.es	
Profesorado	Brozos Vázquez, Miguel Torres Miño, Araceli	Correo electrónico	miguel.brozos.vazquez@udc.es araceli.torres@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	Nesta asignatura farase unha introducción á álgebra linear, traballando conceptos como o de espacio vectorial e aplicación linear e introducíndose nas súas propiedades. Posteriormente introduciranse os conceptos de curvas e superficies no espacio tridimensional, estudiándoas en base ós coñecementos de álgebra linear e cálculo diferencial e integral adquiridos previamente nesta asignatura e na de Matemáticas 1.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que poidan formularse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os seus coñecementos sobre: álgebra lineal; xeometría; xeometría diferencial; cálculo diferencial e integral; ecuacións diferenciais e derivadas parciais; métodos numéricos; algorítmica numérica; estatística e optimización
A5	Capacidade de visión espacial e coñecemento das técnicas de representación gráfica, tanto por métodos tradicionais de xeometría métrica e xeometría descritiva como mediante as aplicacións de deseño asistido por ordenador
B1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita encontrarse a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como leigo
B5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas
C1	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
C2	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C4	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas que deben afrontarse
C5	Asumir como profesionais e cidadáns a importancia da aprendizaxe ao longo da vida
C6	Valorar a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Resolver problemas matemáticos que poden presentarse en Enxeñería.	A1	B1 B2 B3 B5	C5 C6
Aplicar un pensamento lóxico, crítico e creativo.		B2 B3 B5 B6	C2 C5 C6
Familiarizarse coa linguaxe matemática e alxébrica en particular	A1 A5	B2 B3 B5 B6	C4
Entender as características básicas do plantexamento dun problema matemático facendo uso das ferramentas que nos proporciona a Álgebra	A1	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C2 C4
Ser quen de utilizar a bibliografía e as ferramentas TIC disponibles para atopar a información necesaria para resolver un problema dado	A1	B2 B3 B4	C1
Coiñecer e dominar o comportamento dun espazo dotado dunha determinada estrutura alxébrica, a de espazo vectotial en particular, entendendo o modo de operar nese ambiente e as propiedades que se derivan	A1	B2 B3	C4 C5
Comprender e dominar a equivalencia entre matriz e aplicación lineal e as consecuencias que sobre as propiedades dunha aplicación teñen as propiedades matriciais e viceversa	A1	B2	C4 C5
Comprender e dominar os conceptos de curva e superficie no espazo, comprendendo o significado xeométrico e físico da aplicación dos conceptos de derivada e integral a estes obxectos matemáticos	A1 A5	B2 B6	C4 C5 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Espazos vectoriais	Espazos vectoriais: $\mathbb{R}^2$ e $\mathbb{R}^3$ . Operacións: suma, produto por números reais. Subespazos vectoriais. Suma directa. Combinación linear, clausura linear. Conxuntos libres e ligados. Sistemas de xeradores. Base e dimensión. Teorema da base. Coordenadas, cambio de coordenadas. Aplicacións a sistemas de ecuacións lineais.
Aplicacións lineais	Correspondencias. Aplicacións. Aplicacións lineais. Propiedades das aplicacións lineais. Matriz asociada a unha aplicación linear. Aplicacións a sistemas de ecuacións lineais.
Diagonalización de endomorfismos	Subespazos invariantes. Autovalores e autovectores. Endomorfismos diagonalizables.



Integrais de liña	<p>Curvas parametrizadas en <math>\mathbb{R}^3</math>. Reparametrizacións.</p> <p>Integrais de funcións escalares.</p> <p>Aplicacións das integrais de funcións escalares.</p> <p>Integrais de funcións vectoriais.</p> <p>Funcións de tipo gradiente.</p> <p>Teorema de Green.</p>
Integrais de superficie	<p>Superficies parametrizadas.</p> <p>Rotacional e diverxencia.</p> <p>Integrais de superficie.</p> <p>Teorema de Stokes.</p> <p>Teorema da Diverxencia.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A5 B3 B4 B5 B6 C2 C4 C5 C6	30	45	75
Proba obxectiva	A1 A5 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C2 C4 C5 C6	5	0	5
Prácticas a través de TIC	A1 A5 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C2 C4 C5	10	10	20
Solución de problemas	A1 A5 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C2 C4 C5 C6	20	28	48
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgúñas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigurosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ó alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. Esta modalidade formativa está orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas mediante o uso de instrumentos electrónicos tales como calculadora, ordenador, etc. O alumnado desenvolverá tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado. Estas prácticas pódense realizar individualmente ou en grupo.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta e exercicios aplicados da materia, a partir dos coñecementos que se traballaron.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Solución de problemas Prácticas a través de TIC	Os contidos da materia así como as distintas metodoloxías empregadas requiren que o alumno traballe tamén autonomamente. Isto pode provocar que lle xurdan dúbidas personalizadas que poderá resolver preguntando ó profesorado. Ademais, as prácticas serán guiadas polo profesorado que imparte a materia.  O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia fará uso das titorías como referente para o seguimento da materia e o traballo autónomo.
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A5 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C2 C4 C5 C6	Proba escrita que se utiliza para a avaliación da aprendizaxe. A proba constará de tres partes, a primeira realizarase no período de docencia como un exame parcial. A segunda parte desenvolverase ó longo do curso mediante a elaboración de traballos, en base ós cales se avaliarán as competencias adquiridas. A terceira parte realizarase no período usual de exames finais e permitirá avaliarse das partes primeira, segunda e terceira.	100

Observacións avaliación
O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia ás clases avaliarase nas probas obxectivas nas mesmas condicións que o resto do alumnado.

Fontes de información	
<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Villa Cuenca, A. (1994). Problemas de Álgebra. CLAGSA</li> <li>- Grossman, S. I. (1995). Álgebra Lineal con Aplicaciones. McGraw-Hill</li> <li>- Granero Rodríguez, F. (1991). Álgebra y Geometría Analítica. McGraw-Hill</li> <li>- Ladra, M., Suárez, V., Torres, A. (2003). Preguntas test de Álgebra Lineal y Cálculo Vectorial. E. U. Politécnica</li> <li>- Marsden, J., Tromba, A. (2004). Cálculo Vectorial. Addison-Wesley</li> <li>- Burgos, J. (1993). Álgebra lineal. McGrawHill</li> <li>- Larson, R., Edwards, B.H., Calvo, D. C. (2004). Álgebra lineal. Pirámide Ediciones</li> <li>- Lay, D. C. (2007). Álgebra lineal y sus aplicaciones. Addison-Wesley</li> <li>- Hwei P. Hsu (1987). Análisis Vectorial. Addison-Wesley</li> <li>- Larson, R., Hostetler, R., Edwards, B. (1999). Cálculo y Geometría Analítica, Vol. 2. McGraw-Hill</li> <li>- Gómez Bernúdez, C. (2015). Problemas de Álgebra Linear. Andavira</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	As seguintes páxinas web posúen material que pode resultar de interese: <a href="http://www.cds.caltech.edu/~marsden/books/Vector_Calculus.html">http://www.cds.caltech.edu/~marsden/books/Vector_Calculus.html</a> Nesta páxina web, ademais de incluírse diversos complementos á referencia Marsden-Tromba da bibliografía, pódense descargar como transparencias as distintas leccións do libro. <a href="http://demonstrations.wolfram.com/index.html">http://demonstrations.wolfram.com/index.html</a> Esta páxina web de Wolfram Research posúe numerosos programas elaborados en Mathematica, que poden resultar útiles á hora de visualizar moitos dos contidos da materia. Se ben o programa non é libre, a páxina permite descargar un visor gratuito co que executar as aplicacións. <a href="http://193.144.60.200/elearning/">http://193.144.60.200/elearning/</a> Esta páxina contén diversos applets creados co programa Geogebra (software libre), que poden resultar de utilidade para visualizar algúns dos contidos da materia.

Recomendacións
<b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b>
Matemáticas 1/730G05001 Física 1/730G05002
<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
Física 2/730G05006

